



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/4
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 13 DE ABRIL DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

MANUEL CARAMES LOPEZ
JAVIER ROMAR ALVARELLOS
OLALLA BENLLOCH LEMA
MONICA VILELA VILELA
CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO
SANDRA VILELA RIVEIRO
SOFIA LOPEZ SIMON

AUSENCIAS:

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA
TANIA ROMERO GARCIA
JAVIER LEMA SUAREZ

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da Acta da sesión anterior

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes á sesión.

2.Orzamento municipal 2022

A Secretaria expón que os integrantes do pleno teñen a Proposta de Alcaldía neste punto, informada favorablemente pola comisión de Contas.

O Sr Alcalde manifesta: Trátase duns orzamentos tratados coa oposición nunha comisión previa e xa saben todo o referente ao Orzamento. O plantexamento foi pasar dun orzamento de 2020 que estaba centrado polo Covid ao cambio de situación. Incrementáanse partidas algunha moi beneficiada como a de Servizos Sociais, Deporte ou



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Cultura. O orzamento pasa a 4.000.000€.

Inicia o debate a voceira do PP, Dña Sandra Vilela: “ Son uns orzamentos que non din gran cousa , investindo o concello 125.000€ e o resto outras AAPP. É sorprendente que incremente os orzamentos e aínda así non recolla as subvencións nominativas que sempre se deron ás Asociacións. Tampouco temos claro o tema da bolsa de emprego, pois din que recollen 8 persoas cando son 13 as integrantes da bolsa e parece xusto que podan traballar todas. Fala de incrementar a partida de SS.SS e de licitar o servizo, e quizá o custo do servizo sexa porque hai unha empresa que o presta sen licitar , á que se lle pagan facturas sen control segundo o informe de Intervención. Se o servizo se licitase o custo do SAF sería menor porque non sempre gastar máis implica dar mellor servizo. Non vamos a deixar Muxía sen orzamento, así que nos absteremos pese a que non son ambiciosos.”

Intervén seguidamente D Carlos Fdez, do BNG: “Sego sen entender porque non se fixeron orzamentos o ano pasado e se traen agora cando queda un ano para as eleccións pero non von votar en contra. Vótase tamén de menos inversións. A reunión doutro día non foi de negociación, xa se nos dou todo feito.”

A continuación intervén Dña Mónica Vilela, non adscrita: “Debería tentar facer o orzamento en 2021 pois os de 2020 están obsoletos e coincido con Carlos en que a reunión que di non foi de negociación se non de explicación,pero absterémonos tamén para que vaian adiante.”

O Sr Alcalde volve a intervir: “A Comisión levei un anteproxecto e díxenvos que se podía cambiar, engadir ou eliminar . Eu presenteí algo e o único que conseguín en claro foi un escupitaxo, unha cadeira rota e un ton desdeñoso por parte de alguén. Houbo preguntas e falabades o que queriades, daquela había marxe de manobra nos orzamentos. Houbo Comisión informativa o luns e tampouco se preguntou nada. Estaremos sempre a favor de negociar pero sempre que non se sobrepasen os límites.”

Dña Sandra Vilela expón: O PP falou nesa comisión de que faltaban as subvencións de fútbol etc, preguntei pola bolsa de emprego, e sen saber a idea que se ten non podo saber se a comparto ou non. En canto ás faltas de respecto son sempre condenables e vostede as veces nos insulta e o temos que aguantar. Faltar ao respecto é tamén incumprir con todo o habido e por haber, convocar este Pleno fóra de prazo ou non contestar ás preguntas que lle facemos en Rogos e Preguntas.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, cos votos a favor do grupo municipal do PSOE (3) e a abstención do resto dos integrantes presentes do Pleno, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2022 de acordo co establecido no artigo 30 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tal e como se reflicte no Informe de Estabilidade que consta neste expediente e que ascende a 4.045.952,65 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio de 2022 que ascende, no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos a 4.063.952,65 euros e está integrado unicamente polo



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Orzamento do Concello de Muxía, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente, có seguinte resumo por capítulos:

| CAPITULO S | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|------------|-------------------------------------|---------------------|
| 1 | Gastos de persoal | 1.502.535,71 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 1.745.180,89 |
| 3 | Gastos financeiros | 20.500,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 166.500,00 |
| 6 | Inversións reais | 610.236,05 |
| 8 | Activos Financeiros | 18.000,00 |
| | TOTAL | 4.063.952,65 |

| CAPITULO S | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|------------|--|---------------------|
| 1 | Impostos directos | 1.350.600,00 |
| 2 | Impostos indirectos | 68.000,00 |
| 3 | Taxas, presos públicos e outros ingresos | 435.520,65 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.606.738,43 |
| 7 | Transferencias de capital | 485.093,66 |
| 8 | Activos Financeiros | 18.000,00 |
| | TOTAL | 4.063.952,65 |

TERCEIRO.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Muxía tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente e, aprobar, consonte ao establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Muxía, que ascende a 476.473,75 euros.

CUARTO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

QUINTO.- Dar conta do Informe de Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2022 e do cumprimento do límite de débeda.

SEXTO.- Dispor a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

SÉTIMO.- Remitir copia do expediente orzamentario ao Ministerio de Economía e Facenda así como ao órgano competente da Xunta de Galicia.

3.-Acordo sobre asuntos de persoal RPT



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A Secretaria explica que os integrantes do Pleno teñen copia da Proposta neste punto , ditaminada favorablemente.

O Sr Alcalde expón: Tamén nesa reunión se tratou este punto e preguntouse só por un tema en concreto. Creo que hai unha débeda histórica cuns traballadores e estas melloras son de xustiza.

No seu turno Dna Sandra Vilela, manifesta: “A estabilización dese persoal xa se aprobou no 2020 e a decisión de aumentar a xornada foi co voto a favor do PP. Lamentamos que tiveran que esperar dous anos para levar a cabo o proceso. Hai outro tema sobre un cambio nas condicións dun posto respecto ao que temos retencias e falouse de negociar ao respecto pero ven tal e como estaba. ”

Intervén D. Carlos Fdez a continuación: “Todos sabemos que este é un acto de xustiza tardía, esa xente leva esperando case dous anos. Quero manifestar o meu desacordo co tema de cultura porque todos estamos de acordo en que as tarefas desenvoltas en cultura son moi positivas para o concello, e non o entendo, porque se estaba así grazas a unha funcionaria que facía máis traballo do que estaba obrigada, e agora se cambia. O posto que se crea agora de C1 tampouco ten moitas competencias en materia de cultura e a solución podería ser deixar as cousas como estaban en cultura e crear un posto de turismo, biblioteca ou do que fixera falta. A área de cultura vai quedar desasistida. Paréceme unha proposta irracional e quero que así conste.”

A continuación intervén Dna Mónica Vilela: “Coincido con Carlos no tema de Cultura. ¿Porqué non creamos un posto de Turismo e biblioteca e deixamos Cultura como ata o de agora?. Respecto ao resto da proposta imos apoiala.”

Volve a intervir o Sr Alcalde: “ Tamén se falo nunha Comisión porque se facía isto así. Ninguén dubida do traballo da funcionaria, fixo un bo traballo e vai a seguir facéndoo no posto de auxiliar. Estamos corrixindo unha anomalía como xa se vos explicou. Dixen o que suporía mantela no seu sitio e non vou facer que unha traballadora saia prexudicada.”

A Secretaria aclara que o nome do posto C1 que se crea é administrativo, non auxiliar técnico, de acordo á proposta dos sindicatos na Mesa de Negociación.

Sometido o asunto a votación o Pleno, por unanimidade 8 membros que de feito o compoñen acorda:

A) Proposta estabilización persoal temporal

De acordo co establecido na Lei 20/21 de 28 de decembro 2021 de redución da temporalidade no emprego público ,proponse formalización de proceso de estabilización dos seguintes postos de traballo, formulándose Oferta de emprego ao respecto e modificando nese senso a aprobada no ano 2020.

1.-Sete postos de O.S.M. a tempo parcial, considerados persoal laboral indefinido por sentenza xudicial.

- Proponse así mesmo unha vez realizada a selección prevista la nai para a súa consideración de postos de persoal fixo, o aumento da xornada destes ao 100%



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

2.- Posto de operario Servizos Múltiples, (recollida de lixo na actualidade), con contrato anterior a 1 de xaneiro de 2016, sen solución de continuidade .

3.- Dous Postos de limpadoras: (prestación servizos con anterioridade a 1 de xaneiro 2016)

-un posto a tempo completo

-un posto a tempo parcial, propoñéndose así mesmo a súa conversión de posto de xornada completa unha vez consolidado

4.- Monitor de actividades deportivas:

Actualmente posto de xornada parcial, con contrato anterior a 1 de xaneiro de 2016, de carácter ininterrompido. Proponse a súa conversión en posto de xornada completa unha vez consolidado.

A selección para cobertura dos postos será por Concurso.

B) Proposta modificación outros postos:

1.- Proponse que os actuais postos de Auxiliar Medio Ambiente e auxiliar de Cultura, adscritos a Admón especial, pasen a adscribirse a Admón Xeral . As tarefas destes postos serán as propias da escala de auxiliares administrativos de Admón Xeral.

Proponse que o posto de auxiliar de medio ambiente, actualmente considerado a tempo parcial pase a ser de tempo completo.

- Dado que con elo existirán cinco postos de auxiliar administrativo que teñen definidas funcións e tarefas similares, Proponse igualar os CD e Ce destes postos.

2.-Por razón de organización interna na prestación do servizo de obras, será necesario que o posto de operario-Of , código 5206B teña entre as súas funcións as de de apoio no control de tarefas dos operarios, o que suporá unha modificación e aumento das súas prestacións .

C) Creación dos seguintes novos postos de traballo (Persoal laboral):

- Grupo A2, Técnico. Funcións propias dun técnico medio con tarefas xerais e de emprego.

- Grupo C1, Administrativo de Turismo e Cultura.

Estas determinacións teñen o seu refleito na RPT que se verá modificada no senso exposto

Ás 20:55 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña